<i>Pica pica</i>	
<i>Picus viridis</i>	
<i>Prunella modularis</i>	
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	
<i>Rallus aquaticus</i>	
<i>Regulus ignicapilla</i>	
<i>Riparia riparia</i>	
<i>Saxicola torquatus</i>	
<i>Serinus serinus</i>	
<i>Streptopelia turtur</i>	
<i>Strix aluco</i>	
<i>Sturnus unicolor</i>	
<i>Sylvia atricapilla</i>	
<i>Sylvia communis</i>	
<i>Sylvia melanocephala</i>	
<i>Sylvia undata</i>	
<i>Troglodytes troglodytes</i>	
<i>Turdus merula</i>	
<i>Turdus philomelos</i>	
<i>Turdus viscivorus</i>	
<i>Tyto alba</i>	
<i>Tyto alba</i>	
<i>Upupa epops</i>	
INVERTEBRADOS	
Nome da especie	Estado de conservación (CGEA)





<i>Agabus bipustulatus</i>	
<i>Agabus didymus</i>	
<i>Agabus paludosus</i>	
<i>Anacaena globulus</i>	
<i>Coenagrion scitulum</i>	
<i>Dryops luridus</i>	
<i>Dupophilus brevis</i>	
<i>Elmis aenea</i>	
<i>Elmis maugetii maugetii</i>	
<i>Elmis perezi</i>	
<i>Elmis rioloides</i>	
<i>Esolus parallelepipedus</i>	
<i>Graptodytes ignotus</i>	
<i>Graptodytes varius</i>	
<i>Halplus lineatocollis</i>	
<i>Halplus rubidus</i>	
<i>Helophorus flavipes</i>	
<i>Hydraena barrosi</i>	
<i>Hydraena brachymera</i>	
<i>Hydraena corinna</i>	
<i>Hydraena iberica</i>	
<i>Hydraena inapicipalpis</i>	
<i>Hydraena lusitana</i>	
<i>Hydraena sharpi</i>	
<i>Hydraena testacea</i>	
<i>Hydraena unca</i>	
<i>Hydrochus angustatus</i>	
<i>Hydroporus gyllenhalii</i>	
<i>Hydroporus nigrita</i>	
<i>Hydroporus tessellatus</i>	
<i>Laccobius sinuatus</i>	
<i>Limnius opacus</i>	
<i>Limnius perrisi carinatus</i>	
<i>Limnius perrisi perrisi</i>	
<i>Limnius volckmari</i>	
<i>Lucanus cervus</i>	
<i>Nebrioporus carinatus</i>	
<i>Orectochilus villosus</i>	
<i>Oulimnius bertrandi</i>	
<i>Oulimnius troglodytes</i>	
<i>Oulimnius tuberculatus perezi</i>	
<i>Oxygastra curtisii</i>	
<i>Stictonectes epipleuricus</i>	
MAMÍFEROS	
Nome da especie	Estado de conservación (CGEA)
<i>Erinaceus europaeus</i>	
<i>Genetta genetta</i>	





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

<i>Lutra lutra</i>	
<i>Mus musculus</i>	
<i>Neovison vison</i>	
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	
<i>Rattus norvegicus</i>	
<i>Sciurus vulgaris</i>	
<i>Sus scrofa</i>	
<i>Vulpes vulpes</i>	
RÉPTILES	
Nome da especie	Estado de conservación (CGEA)
<i>Anguis fragilis</i>	
<i>Chalcides bedriagai</i>	Vulnerable
<i>Chalcides striatus</i>	
<i>Chelonia mydas</i>	
<i>Coronella girondica</i>	
<i>Dermochelys coriacea</i>	En perigo de extinción
<i>Lacerta lepida</i>	
<i>Lacerta schreiberi</i>	
<i>Malpolon monspessulanus</i>	
<i>Natrix maura</i>	
<i>Natrix natrix</i>	
<i>Podarcis bocagei</i>	
<i>Podarcis hispanica</i>	
<i>Psammodromus algirus</i>	
<i>Rhinechis scalaris</i>	
<i>Timon lepidus</i>	



3.- CÁLCULO DA PEGADA DE CARBONO

Neste apartado realízase o **estudo da pegada de Carbono da MP Nº2 do PSOAEG**.

A partir da aprobación da Lei 21/2013, de 9 de setembro, de avaliación ambiental, esixe considerar o cambio climático neste procedemento, abalizando a pegada de carbono asociada á modificación e o establecemento de medidas adecuadas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático. O estudo da Pegada de Carbono non só é un mero elemento de cálculo, se non é un primeiro paso no camiño da mellora e o compromiso na redución de emisións de GEI.

En xeral, as emisións de CO₂ xeradas no desenvolvemento de solo industrial proveñen fundamentalmente:

- Emisións da mobilidade xerada
- Emisións enerxéticas (gas e electricidade)
- Emisións de ciclo da auga
- Emisións da xestión de residuos
- Emisións dos cambios de uso do solo

Neste proxecto existe un alto grao de incerteza xa que a modificación non establece a ordenación detallada de cada solo urbanizable e descoñece a que empresas se van ubicar nos ámbitos plantexados.

Polo alto grao de incerteza se realiza unha estimación seguindo a metodoloxía do seguinte artigo científico *Urban planning and industry in Spain: A novel methodology for calculating industrial carbon footprints* (<https://doi.org/10.1016/j.enpol.2015.03.025>). Neste artigo calculase a pegada de carbono en relación aos procedementos de planificación urbana industrial. O promedio das pegada de carbono do sector industrial **469.89 kgCO₂eq/m²e ano**. Para obter unha aproximación da pegada de carbono do solo empresarial derivada desta modificación se multiplica a superficie de cada ámbito polo promedio obtido no anterior artigo científico.

	Superficie (m ²)	Pegada de carbono kgCO ₂ eq. Ano (promedio)	Pegado de carbono tCO ₂ eq. Ano (promedio)
PE CABANA DE BERGANTIÑOS	270882,986	127285206,3	127285,2063
PE MEIRAMA	575739,538	270534251,5	270534,2515
PE A LARACHA	332835,969	156396293,5	156396,2935
AIL DO TESOURO-PORTORROIBO	847681,815	398317208,1	398317,2081
PE O CORGO	201703,209	94778320,88	94778,32088
PE PALAS DE REI (FASE III)	39926,574	18761097,86	18761,09786
PE O VALADOURO	83622,5898	39293418,72	39293,41872
PE DO BARCO DE VALDEORRAS	206838,543	97191362,97	97191,36297





PE CARBALLIÑO-MASIDE	1220914	573695279,5	573695,2795
PE PEREIRO DE AGUIAR	234465	110172758,9	110172,7589
PLISAN	1072772,9	504085258	504085,258
PE. TOEDO	161720,907	75991036,99	75991,03699
P.E. CIDADE DO MOBLE	157643,029	74074882,9	74074,8829
PE MONDARIZ	144545,222	67920354,37	67920,35437
PE LOUREDO	479464	225295339	225295,339
PE PONTECESURES	327057,782	153681181,2	153681,1812
PE VALGA FASE I	34458,8621	16191874,71	16191,87471
PE VALGA FASE II	96921,1804	45542293,46	45542,29346
PE VALGA FASE III	89797,479	42194937,41	42194,93741
PE BALAIOS	235664	110736157	110736,157
PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO VALADARES (Ampliación)	38890	18274022,1	18274,0221
PE AMEAL- PEINADOR	199745	93858178,05	9385,17805
PI A GARRIDA	185811	87310730,8	87310,73079
TOTAL			3.317.108

Segundo a metodoloxía empregada no artigo científico, o gas e a electricidade son os máis importantes fontes de emisión para as actividades industriais máis contaminantes (produtos químicos e minerais non metálicos), mentres que o transporte é a fonte máis importante para todas as demais actividades.

3.1 CONCLUSIÓNS DA PEGADA DE CARBONO

Esta análise da pegada de carbono da alternativa de consenso do MP é unha aproximación, xa que, como se citou anteriormente, existe unha gran indeterminación en multitude de variables..

Como conclusión podemos afirmar a partir dos datos anteriores aumentarán as emisións na fase de urbanización e uso. **A pegada de carbono estimada do MP Nº2 PSOAEG será de 3.317.108 tCO₂/ano** sen ter en conta as medidas do apartado DESEÑO DE MEDIDAS do EsAE. Por tanto existirá, un incremento considerable de emisións se temos en conta a evolución previsible.



4.- RISCOS NATURAIS E DERIVADOS DO CAMBIO CLIMÁTICO

Os riscos naturais son aqueles que se deben a factores xeográficos e/ou climáticos. En ocasións son riscos predicibles en función da situación atmosférica e xeográficas das zonas. Estes riscos adoitan manterse constantes ao longo do tempo e en xeral obrigan a formular plans para xestionar as súas consecuencias. En cumprimento coas determinacións do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (artigo 20 c), analízanse tamén os seguintes riscos derivados do cambio climático:

- a. Riscos derivados dos embates mariños, inundacións costeiras e ascenso do nivel do mar.
- b. Riscos derivados de eventos meteorolóxicos extremos sobre as infraestruturas e os servizos públicos esenciais, como o abastecemento de auga e electricidade ou os servizos de emerxencias.
- c. Riscos de mortalidade e morbilidade derivados das altas temperaturas e, en particular, aqueles que afectan a poboacións vulnerables. Estes datos ofreceranse desagregados por sexo.
- d. Riscos asociados á perda de ecosistemas e biodiversidade e, en particular, de deterioración ou perda de bens, funcións e servizos ecosistémicos esenciais.
- e. Riscos de incendios, con especial atención aos riscos na interface urbano-forestal e entre as infraestruturas e as zonas forestais.

A publicación "Impactos e riscos derivados do Cambio Climático en España" publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en 2021, sinala o seguinte en relación co concepto de risco:

No marco da avaliación dos impactos do cambio climático, o termo risco adoita utilizarse para facer referencia ao potencial de consecuencias adversas dun perigo relacionado co clima, na vida, os medios de subsistencia, a saúde e o benestar, os ecosistemas e as especies, os bens económicos, sociais e culturais, os servizos (incluídos os servizos ecosistémicos), e a infraestrutura. Os riscos derivanse da interacción da vulnerabilidade (do sistema afectado), a exposición ao longo do tempo (ao perigo), así como o perigo (relacionado co clima) e a probabilidade de que ocorra [...]. Polo xeral, para a determinación do risco é importante incluír a probabilidade de que un suceso ocorra nunha escala temporal. Con todo, non todos os impactos descritos na literatura dispoñible foron modelizados, nin inclúen unha descrición da probabilidade de ocorrencia segundo escenarios máis recentes [...] para España.



4.1 RISCOS DERIVADOS DE EMBATES MARIÑOS, INUNDACIÓNS COSTEIRAS E ASCENSO DO NIVEL DO MAR

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico creou o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables (SNCZI) seguindo os principios da Directiva 2007/60 sobre avaliación e xestión de riscos de inundación. O eixo central do SNCZI é o visor cartográfico de zonas inundables. Tamén se tivo en conta as zonas inundables costeiras do visor de Augas de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>). Para a presente modificación, non se prevén riscos derivados de embates mariños, inundacións costeiras nin de ascenso do nivel do mar. Debido á distancia ao borde litoral **non se prevén afeccións derivadas de embates mariños, inundacións costeiras ou polo ascenso do nivel da mar.**

4.2 RISCOS DERIVADOS DE EVENTOS METEOROLÓXICOS EXTREMOS

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) define concepto de “fenómeno meteorolóxico adverso” da seguinte forma:

“todo evento atmosférico capaz de producir, directa ou indirectamente, danos ás persoas ou danos materiais de consideración. En sentido menos restrinxido, tamén pode considerarse como tal calquera fenómenos susceptibles de alterar a actividade humana de forma significativa nun ámbito espacial determinado. En consecuencia, poden resultar adversas, por si mesmas, aquelas situacións nas que algunhas variables meteorolóxicas alcanzan valores extremos.”

Risco por inundacións

A Modificación realizou un estudo de inundabilidade para o Parque Empresarial do Carbaliño (Ampliación), PE do Pereiro de Aguiar-Fase III, PE de Louredo, PE cidade do Moble (Louredo). Pero establecerá **que nos instrumentos de ordenación pormenorizada que desenvolven os ámbitos cun canle no ámbito ou nas súas proximidades deberán realizar un estudo hidroxolóxico que garanta a non afección.**

Risco por seca

A literatura científica contempla máis de 150 definicións para o concepto de seca. En este caso, se aplica a definición da AEMET:

“A seca consiste nunha anomalía transitoria, máis ou menos prolongada, caracterizada por un período de tempo con valores das precipitacións inferiores aos normais na área. A causa inicial de toda seca é a escaseza de precipitacións (seca meteorolóxica) o que deriva nunha insuficiencia de recursos hídricos necesarios para abastecer a demanda existente (seca hidrolóxica).”





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Os instrumentos de Ordenación Pormenorizada terán en conta os **PLAN ESPECIAL DE SECA (PES)** da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e PES da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

Risco por xeadas

Os ámbitos presenta un distinto risco de xeadas, tendo os ámbitos costeiros un risco moi baixo, debido en parte á influencia do océano, que exerce un efecto regulador sobre a temperatura. Os instrumentos de ordenación pormenorizada (PIAs ou PEOSE) terán en conta a seguinte figura.



. Distribución da zona libre de xeadas en Galicia para 2075-2099. Fonte: Canelo, J., Díaz-Fierros, F., García, H. e Rial, M.E. (2009). Fenoloxía, xeadas, materia orgánica do solo e viticultura.

4.3 RISCOS DE MORTALIDADE E MORBILIDADE DERIVADOS DAS ALTAS TEMPERATURAS

O sistema de monitorización da mortalidade diaria por todas as causas (MoMo) foi desenvolvido en 2004, no marco do Plan de accións preventivas contra os efectos das temperaturas excesivas coordinado polo Ministerio de Sanidade, para reducir o impacto sobre a saúde da poboación como consecuencia do exceso de temperatura. Este sistema ofrece datos sobre el número de defuncións atribuíbles ao exceso o defecto de temperatura desagregados por



sexo, idade e ámbito territorial. No período 2015-2022 atribúense 2.026 mortes ao exceso de temperatura.




Figura de mortalidade notificada e observada por todas as causas, estimadas base cun intervalo de confianza do 1% ao 99% e defuncións atribuíbles ao exceso ou defecto de temperatura, para o ámbito territorial, sexo, grupo de idade e rango de datas seleccionado.

Segundo os datos (2015-2022) das catros provincias galegas, a mortalidade feminina é superior a masculinidade. Afectando especialmente a poboación maior de 65 anos. Os instrumentos de ordenación pormenorizada terán en conta os efectos na saúde derivados do cambio climático.

4.4 RISCOS ASOCIADOS Á PERDA DE ECOSISTEMAS E BIODIVERSIDADE

A desertificación é xa un problema real ou unha ameaza para unha parte moi importante do territorio español. O Programa de Acción Nacional contra a Desertificación (PAND) estima que o territorio galego ten un índice aridez húmido ou subhúmido, polo que non existe risco de desertificación como tal.

O Visor de Escenarios de Cambio Climático permite consultar as proxeccións rexionalizadas de cambio climático para España realizadas a partir das proxeccións globais do Quinto Informe de Avaliación do IPCC (Grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático) no marco da iniciativa Escenarios PNACC e concretamente, da colección de Escenarios PNACC 2017. Os datos dispoñibles nótrense principalmente de dúas fontes: proxeccións puntuais da AEMET e proxeccións en reixa procedentes da iniciativa internacional Euro-CORDEX.

Como se pode ver no seguinte gráfico vese un aumento das temperaturas máximas e un descenso dos días de chuvia no período 1971-2000, o que agrava os procesos de desertificación.






MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Temperatura máxima (Anomalía)

Nº de días de chuva

Fonte: <https://escenarios.adaptecca.es/>

Os Instrumentos de ordenación pormenorizada analizará estes procesos de desertificación e implantarán medidas para conservar a biodiversidade.

4.5 RISCOS DE INCENDIOS, CON ESPECIAL ATENCIÓN AOS RISCOS NA INTERFACE URBANO-FORESTAL E ENTRE AS INFRAESTRUTURAS E AS ZONAS FORESTAIS.

Os instrumentos de ordenación pormenorizada (PIAs e PEOEs) establecerán unha ordenación que permita evitar os riscos de incendios e cumprirá a lexislación vixente en materia de riscos de incendio.





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.- ANEXO FOTOGRAFICO

5.1 CABANA DE BERGANTIÑOS

Alternativa 1



Cabeceira fluvial e áreas hidromorfas (NE da alternativa)



Cabeceira fluvial e áreas hidromorfas (NE da alternativa)

Alternativa 0



Sector degradado por movementos de terras en fase de recolonización vexetal (SW da alternativa)



Sector de ribeira e áreas hidromorfas (S da alternativa)





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Sector de ribeira e áreas hidromorfas (S da alternativa)



Destrución do ecosistema ribeirán (N da alternativa)



Paisaxe agraria con terreos forestais de repoboación e bosques autóctonos (W da alternativa)



5.2 PE MEIRAMA

Alternativa 0



Masas autóctonas e alóctonas invasoras



Expansión incontrolada de especies arbóreas invasoras como a acacia negra



Canalizacións da rede fluvial orixinal que destrúe por completo o ecosistema ribeirán



Paisaxe en fase de recolonización vexetal e repoboación sobre antiga escombreira

Alternativa 1



Infraestruturas industriais e terreos limítrofes con formacións mixtas de matogueira e masas arbóreo-arbustivas de caducifolias autóctonas e especies ornamentais



Escasas masas de bosque autóctono a conservar





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Conservación selectiva dalgunhas árbores alóctonas de gran porte polo seu valor natural e paisaxístico



Nas zonas verdes, presenza de especies alóctonas de rápida expansión como os eucaliptos e outras invasoras.



Paisaxe achaiada con equipamentos industriais e terreos abandonados



Utilización excesiva de especies ornamentais alóctonas como barreira visual





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.3 PE LARACHA

Alternativa 1



Proliferación de especies arbustivas invasoras asociadas a entornos habitados que se engaden á expansión incontrolada dos eucaliptos



Corredor ecolóxico de ribeira cara as agras de Samiráns e A Torre



Paisaxe achaiada con usos agropecuarios e forestais





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Alternativa 2



Paisaxe forestal de repoboación sobre terreos de escasa pendente



Paisaxe de ribeira e áreas hidromorfas a conservar



Alteración da rede de drenaxe polos movementos de terras asociados ás áreas empresariais e talas de especies autóctonas





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

5.4 AS PONTES

Alternativa 1



Paisaxe achaiada con infraestruturas industriais e terreos abandonados en estado de recolonización vexetal



Conservación de masas autóctonas en zonas verdes e eliminación de especies invasoras



Canalizacións da rede fluvial e destrucións do hábitat de ribeira



Movements de terras, talas indiscrimindas de masas autóctonas e proliferación de especies invasoras (na imaxe acacia negra)

Alternativa Os Codesás



Paisaxe agropecuaria e forestal con importante presenza de bosques autóctonos





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Alternativa Montes de Picheira e de Pinel



Paisaxe agropecuaria e forestal con importante presenza de bosques autóctonos



Paisaxe agropecuaria en sector montañoso de elevada visibilidade



Bidueiral de gran valor ecolóxico e paisaxístico





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

5.5 O CORGO

Alternativa 0



Bosques autóctonos a conservar, especialmente nas proximidades da canle fluvial



Actuacións no perímetro fluvial reducen o ecosistema á mínima expresión e dificultan a súa supervivencia



Paisaxe agropecuaria, terreo de escasa pendente e perímetro forestal con importante presenza de caducifolias autóctonas

Alternativa 1



Paisaxe de escasa pendente con praderías e espazo forestal de reboación



Bosque de ribeira e comunidades hidromorfas que constitúen un importante corredor ecolóxico





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Canalizacións na rede fluvial e talas indiscriminadas que alteran o ecosistema ribeirán e interrompen o corredor ecolóxico



Bosques autóctonos próximos ao corredor ecolóxico fluvial





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.6 PALAS DE REI

Alternativa 0



Paisaxe agraria en terreo achaiado con usos pecuarios e campos abandonados

Alternativa 1



Terreo de escasa pendente con paisaxe agropecuaria, de praderías e campos abandonados, con superficie forestal nas sebes do parcelario



Paisaxe agropecuaria de suave pendente con parcelario de lindes de árbores caducifolias



Extremo sur de ámbito con áreas hidromorfas e canle fluvial con bosque de ribeira



Canle fluvial canalizada, con contaminación das augas e destrución parcial do ecosistema de ribeira





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Talas indiscriminadas de bosque autóctono, e destrución parcial do hábitat pola proximidade do noiro da plataforma empresarial, con alteración da rede de drenaxe





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.7 O VALADOURO

Alternativa 0



Escasas representacións de árbores caducifolias nas áreas verdes asolagadas por especies invasoras como as acacias negras e os eucaliptos



Terreo achaiado de usos forestais para obtención de madeira, principalmente con monocultivos de eucaliptos e piñeiros



Expansión incontrolada do eucalipto que se comporta como unha especie invasora ocupando os hábitats do bosque autóctono

Alternativa 1



A escaseza de especies e formacións naturais determina a necesidade da súa conservación ou cando



Espazo agropecuario de interese paisaxístico





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

menos propiciar a rexeneración en posibles áreas verdes



Movimentos de terras, escombros e lixo na contorna



Paisaxe achaiada con predominio dos usos agropecuarios e forestais



Proliferación de especies invasoras nas proximidades de equipamentos públicos e áreas urbanizadas



Sector norte do ámbito con paisaxe de matogueira e superficie forestal discontinua

Alternativa 2



Paisaxe forestal de repoboación para obtención de madeira, con eucaliptos e en menor medida piñeiros do país



A vexetación potencial sobrevive a duras penas no entorno de cultivos forestais (na imaxe un érbedo baixo o eucaliptal); as posibles actuacións deben tratar de preservar as especies autóctonas e facilitar a súa progresión en áreas verdes.





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Destrucción completa do bosque autóctono, que trata de recuperar espazo en terreos abandonados pero con solos xa moi deteriorados pola sobre explotación forestal



Paisaxe forestal sobre terreo achaiado, con predominio dos eucaliptais e áreas de matogueira en antigas parcelas abandonadas





5.8 BARCO DE VALDEORRAS

Alternativa 0



Recheo de ampliación do parque industrial que cobre unha ampla superficie



Noiro de recheo de lousas de forte desnivel e invadindo de maneira impactante a chaira aluvial



Toda a área de contacto da plataforma industrial co bosque de ribeira e formacións de recolonización anexas que debe ser protexido e recuperado



Chaira próxima á ribeira do Sil con masas de recolonización á esquerda e fragmentos do bosque de ribeira á dereita

Alternativa 1



Movements de terras, acumulacións de escombros de lousa e lixo nas proximidades da canle principal do Sil



Restos do bosque autóctono de aciñeiras que poden ser aproveitados na medida do posible como enclaves verdes





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Paisaxe achaiada cara a metade sur do ámbito no contacto coa vertente; se observan as masas dispersas do aciñeiral autóctono e as pradeiras de recolonización en primeiro plano con restos de lixo



Sector setentrional no contacto co ecosistema ribeirán do Sil



Metade sur do ámbito con paisaxe, sobre terraza achaiada, de antigo espazo agropecuario abandonado e cuberto de mato e formacións de recolonización



Paisaxe agraria con importante presenza do cultivo da vide e sobre terreos en lixeira pendente cara a chaira do río Sil



Bosquete mixto con restos do bosque de ribeira e outras especies a protexer polo seu valor ecolóxico





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Alternativa 2



Terreos de escasa pendente con praderías e cultivo de vide, arredor dos que se dispoñen as edificacións adxectivas e algúns enclaves residenciais



Canalizacións na rede de drenaxe orixinal xa modificada, que restrinxen o desenvolvemento do ecosistema ribeirán



As escasas masas de bosque autóctono que aínda se conservan merecen especial consideración e medidas de protección



A creación de noiros artificiais nas áreas industriais, moi próximos aos ecosistemas naturais, pode modificar e mesmo destruír por completo os hábitats





5.9 CARBALLIÑO-MASIDE

Alternativa 1



Bosque galería ben desenvolvido con salgueirais de gran porte



Bosque mixto de caducifolias autóctonas, anexo ás formacións de ribeira



Paisaxe característica do extremo occidental de ámbito con bosque autóctono de carballos, piñeiral e ecosistema ribeirán, nun espazo natural de gran valor



Sector próximo ao parque empresarial, máis degradado e con restos de lixo



Desauges na área industrial con efectos contaminantes no medio.



Bosque autóctono de bidueiros a carón do centro de ensino no extremo meridional do ámbito (zona Occidental)





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Diligencia pola que se fai constar que o documento cedido, co contido no expediente aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 21.12.2023

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO



Sector con piñeirais de gran porte en formacións seminaturais ben conservadas (zona Occidental)



Paisaxe de outeiro achaiado con predominio da matogueira formacións dispersas de piñeiros (Monte de Corzos)



Regato de Varón e bosque de ribeira adxacente (Monte de Corzos)



Predominio da superficie forestal en todo o ámbito con frecuentes masas compactas de especies madeiras coma os piñeiros do país (Monte de Corzos)



Canalizacións e eliminación de masas autóctonas en marxe de ribeira a carón de infraestruturas (Monte de Corzos)



Áreas hidromorfas e bosque de ribeira na parte central do ámbito asociadas ao regato de Varón (Monte de Corzos)

CVE: oBmB7v44h16
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Extremo oriental de ámbito sobre superficie semiachaiada de monte baixo con matogueira e masas forestais dispersas (Monte de Corzos)



Bosques nas valgadas de cabeceira do regato de Varón (Monte de Corzos)

Alternativa 2



Paisaxe forestal próxima á rotonda de acceso ao parque empresarial



Sector fluvial do regato de Varón



Masas de caducifolias autóctonas a protexer no entorno do regato de Varón



Sector sur de ámbito na plataforma de contacto coa vía férrea





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Sector de escasa pendiente con espazos agropecuarios, forestais e enclaves residenciais



Bosque autóctono denso e ben desenvolvido arredor do límite occidental de ámbito



Talas indiscriminadas e eliminación de masas autóctonas no ecosistema ribeirán e proximidades, interrompen o corredor ecolóxico



Talas indiscriminadas e eliminación de masas autóctonas no ecosistema ribeirán e proximidades, interrompen o corredor ecolóxico





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.10 PEREIRO DE AGUIAR

Alternativa 1



Paisaxe agroforestal con masas dispersas de bosque autóctono utilizado para obtención de leña e usos residenciais



Paisaxe agroforestal con masas dispersas de bosque autóctono utilizado para obtención de leña e usos residenciais



Sector central achaiado de monte baixo con masas dispersas de piñeiros sobre antigas parcelas de usos agropecuarios

Alternativa 2



Bosque de ribeira do regato de Pazos



Aproximación excesiva dos equipamentos empresariais ao ecosistema ribeirán





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Proliferación de especies invasoras, como a herba da Pampa, no ecosistema ribeirán, debido á proximidade ás áreas urbanizadas



Predominio da superficie forestal arborada con piñeirais de gran porte pero conservando sectores agropecuarios de extensas praderías



Sector setentrional con espazos forestais de monte baixo en áreas aclaradas do piñeiral



Áreas de valgada con enchoupamento temporal e masas de bosque autóctono a protexer evitando a intromisión de especies invasoras



5.11 A ESTRADA –TOEDO

Alternativa 1



Predominio da paisaxe forestal arborada en terreo achaiado, con espazos aclarados de cortas ou plantacións recentes



Ausencia de bosques autóctonos que se limitan a formacións lineais de árbores caducifolias perimetrando a superficie de repoboación



As escasas masas de bosque caducifolio autóctono poderían ser aproveitadas selectivamente en caso de actuación sobre a contorna



Estado intermedio entre as fases de tala e nova repoboación; obsérvase o perímetro ocupado parcialmente por masas relictas de bosque autóctono



A eliminación do bosque autóctono e a planta de coníferas e eucaliptos é a tónica predominante neste sector





5.12 A ESTRADA – CIDADE DO MOBLE

Alternativa 0



Aínda se conservan algúns bosques mixtos que poden ser aproveitados de maneira selectiva para espazos verdes




Eliminación do bosque de ribeira pola proximidade das construcións empresariais



Paisaxe agraria e contorna natural a protexer pola proximidade á canle principal do Liñares e a existencia de senda natural



Predominio da superficie forestal arborada en todo o sector con piñeirais e eucaliptais para obtención de madeira



Terreos removidos e achaiados con mato baixo de recolonización, a carón da estrada nacional

Alternativa 1





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Diligencia pola que se fai constar que o documento cedido, co contido no expediente aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 21/12/2023. Xefe do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo Alberto Feijoo Rodríguez

INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO



Bosque mixto a protexer pola proximidade á senda natural e a conectividade coa canle do río Liñares



Espazo de escasa pendente e ocupado por praderías de sega, moi próximas ás vías de comunicación principais e aos equipamentos empresariais xa existentes



Superficie achaiada do recheo da actual área empresarial, lindante co rego que atravesa o ámbito



Deforestación extrema do bosque de ribeira tras obras de canalización da canle fluvial polo recheo da plataforma empresarial



Espazo de ampliación de área empresarial sobre a ribeira xa deforestada



Talas indiscriminadas no bosque de ribeira e alteración do hábitat natural





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Bosque de ribeira e áreas hidromorfas a protexer



Terreos de enchoupamento temporal con praderías húmidas e lixeira pendente cara o río onde se aprecian os restos do bosque autóctono





5.13 MONDARIZ

Alternativa 0



Paisaxe de montaña en cabeceira fluvial con usos agropecuarios e perímetro forestal



Piñeiros de repoboación de porte monumental



Bosque de ribeira e áreas hidromorfas anexas a protexer

Alternativa 1



Extremo suroeste do ámbito no que se canalizou a rede de drenaxe orixinal á beira da estrada; presenza testemuñal de caducifolias asociadas á maior humidade do perímetro do noiro



Canalización da drenaxe polos taludes das infraestruturas e os terreos removidos anexos





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Paisaxe forestal con predominio das masas arboradas de piñeiros e eucaliptos



Escasas masas de bosque autóctono e proliferación de repoboacións, mesmo con caducifolias foráneas como o carballo americano



O bosque autóctono ten como única representación salientable unha masa mixta na cabeceira fluvial do extremo occidental do ámbito



Proliferación das especies arbóreas invasoras como as acacias mimosa e dealbata

Alternativa 2



Carballeiras e parcelario agrario tradicional de gran valor.



Valores paisaxísticos e naturais que merecen protección que adquiren máis significación dada a proximidade do espazo natural do río Xabriña





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Paisaxe de fondo de valgada, con usos agropecuarios e áreas residenciais





5.14 MOS (PE LOUREDO)

Alternativa 1



Canle fluvial atravesada pola pista eliminando a continuidade do bosque de ribeira



Bosque de ribeira e formacións anexas



Predominio da superficie forestal con especies de crecemento rápido, principalmente eucaliptos e piñeiros do país



Entre as masas de repoboación mantéñense pequenas agrupacións de caducifolias autóctonas



Os sectores de ribeira son os únicos espazos que conservan certa continuidade nos hábitats naturais



Paisaxe de relevo ondulado con tramos de forte pendente entre os interfluvios





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



A proximidade a espazos urbanizados e vías de comunicación facilita a proliferación de especies de flora invasora, especialmente acacias negras.

Alternativa 2



Metade oriental do ámbito a carón da área empresarial con predominio da superficie forestal de repoboación, composta por densas masas de piñeiros e eucaliptos.



O corredor ecolóxico do rego Perral constitúe o elemento natural de maior importancia dentro do ámbito



Ámbito xa moi urbanizado pero que conserva na metade occidental sectores de usos agropecuarios sobre todo na chaira adxacente ao rego Perral



Rego Perral e bosque de ribeira





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Ecosistema de ribeira e bosque caducifolio anexo afectado polas construcións empresariais



Flora invasora herbácea invadindo o ecosistema de ribeira (*Tradescantia fluminensis*)



Deforestación de bosque autóctono e movementos de terras na marxe esquerda do rego Perral



Límite meridional do ámbito con denso bosque de ribeira no rego Perral pero presenza de especies invasoras que fan perigrar o ecosistema (canas de *Arundo donax*)



Espazos aptos para usos empresaris a carón do actual parque industrial, con terreos de escasa pendente e deforestados





5.15 PONTECESURES

Alternativa 0 e 1



Bosque de ribeira e comunidades de áreas húmidas no extremo norte do ámbito



Flora invasora no estrato herbáceo do bosque de ribeira (*Tradescantia fluminensis*)



Área de asolagamento en terreo achaiado con salgueiros e ameneiros de gran porte



Paisaxe agropecuaria característica de boa parte do ámbito con amplas praderías e bosques húmidos intercalados



Na paisaxe se atopan con frecuencia sectores de asolagamento temporal propiciado polas infraestruturas ou obras de recheo de espazos urbanizados que modifican a drenaxe natural



Carballeiras que aínda se conservan e manteñen unha certa explotación con rozas e cortas selectivas para obtención de madeira





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



No extremo sur do ámbito xunto ás superficies forestais de repoboación mantense algún espazo aclarado óptimo para os usos empresariais



Canalización da rede de drenaxe entre a estrada e o noiro de recheo eliminando a vexetación natural.



Destrución do bosque de ribeira a carón do noiro de recheo de plataforma para usos urbanísticos



Asolagamentos propiciados pola alteración da rede de drenaxe tralos movementos de terras e a creación de noiros de recheo





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.16 AS NEVES (PLISAN)



Paisaxe achaiada sobre terreos removidos e colonizados por matogueira en distinto grao de desenvolvemento, mantendo áreas aclaradas sobre os solos areosos



Ecosistema lacustre con comunidades de fauna e flora acuática e de ambientes ribeira, de gran valor ecolóxico



Flora alóctona invasora introducíndose nos ecosistemas naturais (herba da Pampa)



Restos dos antigos depósitos aluviais de terraza que aínda se conservan e se poden observar en certos enclaves; puntos de interese xeomorfolóxico



Vertedoiros incontrolados en sectores accesibles a través das pistas principais que atravesan o ámbito



Algún sector do ámbito conserva eucaliptais de crecemento espontáneo pero en áreas antigamente plantadas para a obtención de madeira. En primeiro plano dúas matas da planta invasora herba da Pampa.





Enclaves húmidos preto do noiro de escavación do extremo norte do ámbito, con comunidades vexetais herbáceas e arbustivas e fauna asociada, de interese para a súa conservación.



Bosque de ribeira asociado aos regos que atravesan o sector oriental do ámbito



Circuíto de motocros atravesando o único bosque de ribeira que se conserva en todo o ámbito



Circuíto de motocros atravesando no ecosistema ribeirán



Panorámica do sector norte do ámbito na que se pode apreciar o intenso proceso de recolonización vexetal con formacións arbustivas de chopos, piñeiros e xestas entre outras especies. Destaca o maior desenvolvemento das formacións nas proximidades do noiro que se escavou para crear a plataforma empresarial





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.17 VALGA

Alternativa 0



Paisaxe agropecuaria con predominio das praderías e perímetro forestal arborado con piñeirais e restos do bosque autóctono

Alternativa 1



Masas de piñeiros e eucaliptos en plantacións explotadas con regularidade, sobre terreos de escasa pendente



A ausencia de bosques autóctonos supón a necesidade de protexer algunhas masas descontinuas, como posibles áreas verdes e de potencial recolonizador



Paisaxe forestal de repoboación con predominio dos piñeirais e puntualmente áreas de monte baixo de mato en espazos aclarados, como o sector atravesado pola liña eléctrica



Sector de ámbito que contacta coas agras dos núcleos da Medela e O Campo, onde os cultivos de vide e as praderías dominan a superficie agraria.





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Posible impacto visual e paisaxístico sobre a contorna rural de carácter agropecuario arredor dos núcleos da Medela e O Campo

Alternativa 2



Valgadas de cabeceira con bosquetes de ribeira e praderías húmidas de valor ecolóxico e paisaxístico



Forte impacto paisaxístico de calquera actuación urbanística en entorno agropecuario de carácter tradicional



Carballeiras e souts de castiñeiros entre o espazo agropecuario



Bosque galería en característica ringleira que contacta coa canle principal do río Louro





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Paisaxe agropecuaria de chaira aluvial



O sector setentrional do ámbito está dominado pola superficie forestal arborada con piñeiro do país en masas máis ou menos densas con tratamentos silvícolas



Proliferación de especies arbóreas invasoras como as acacias negra e mimosa





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.18 VIGO-BALAIOS



Paisaxe rururbana característica do ámbito e contacto co perímetro da Zona Franca



A cana (Arundo donax) invadindo a marxe da ribeira fluvial



Canalización do rego no extremo oriental do ámbito que perdeu o bosque de ribeira polos muros das vivendas próximas á chaira aluvial



Enclave forestal arredor do outeiro granítico no centro do ámbito



Canas invadindo o espazo agrario nos sectores achaiados e máis húmidos



Bosque autóctono que aínda se conserva no entorno agrario e forestal de repoboación





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



Especies arbóreas de gran porte sobre as que se pode establecer unha protección selectiva de cara á creación de zonas verdes



Sector occidental do ámbito con predominio da superficie agraria no límite entre a Zona Franca e o periurbán de Vigo



Panorámica que permite apreciar o contacto entre o espazo periurbán do ámbito e a área empresarial, con mosaico de áreas residenciais, forestais e superficie agraria; nótese tamén a colonización da chaira e marxes ribeiráns da cana invasora





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.19 PTL VALADARES



Vista do ámbito de Fabás (Streetview)



Vista de Cana Brava (Streetview)



Visto do ámbito dende o sudeste(Streetview)





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.20 PE AMEAL



Vista das vivendas ao suroeste do ámbito



Vista do norte do ámbito (Streetview)



Vista de masas caducifolias asolagadas por eucaliptos ao leste do ámbito (Streetview)





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

5.21 PE A GARRIDA



Masas de caducifolias ao norte do ámbito. (Streetview)



Vivendas ao sur ámbito. (Streetview)



Vista dos eucaliptos de gran porte ao sur do ámbito (Streetview)

